


Programación Didáctica



Xustificación

En 1916, o profesor da Escola Normal de Pontevedra e futuro director da de Santiago, José María Crespo Rodríguez, editaba nesa mesma cidade *as Nocións De Geografía de Galicia*, considerado o primeiro manual de Xeografía adicado a Galicia.

Co motivo do centenario, e dentro da programación do Museo Pedagógico de Galicia, a partires de xaneiro 2015, haberá unha exposición temporal que co título *O mundo nas mans. Material cartográfico escolar nos séculos XIX e XX* amosa, ademais do nomeado libro, unha escolma de pezas do propio museo relacionada coa cartografía e as disciplinas que a impregan como medio didáctico.

Con esta **Programación didáctica**, para a etapa de **Educación Primaria** , buscamos que os vosos alumnos e alumnas investiguen, e sexan capaces de diferenciar distintos elementos da cartografía, así coma poder orientarse no espacio (baseada no currículo de Educación Primaria *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*)

Obxectivos Xerais

- Dar a coñecer a importancia dos mapas, da xeografía e da cartografía na vida cotiá
- Fomentar o interese polo patrimonio educativo, así coma o Museo, a través das pezas presentadas na Exposición.

Obxectivos relacionados co Currículo de E.Primaria:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE INTEGRADA: O MUNDO NAS MANS				5º EP
Área	Contidos	Criterios de Avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Ciencias Naturais				
Ciencias Sociais	B1.1.Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas	B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre	CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na	CSIEE

	<p>Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inqueranza e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes</p>	<p>fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.</p>	<p>toma de decisións e asume responsabilidades.</p> <p>CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.</p>	<p>CAA</p>
	<p>B2.2.O sistema Solar: o Sol e os planetas.</p>	<p>B2.2.Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.</p>	<p>CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.</p>	<p>CMCCT</p>
				<p>CCL</p>
	<p>B2.6.Cartografía. Planos, mapas e planisferios. Mapas temáticos.</p>	<p>B2.4.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais</p>	<p>CSB2.4.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e mprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.</p>	<p>CMCCT</p>
	<p>B2.7. Escalas e signos convencionais dun mapa.</p>			<p>CAA</p>
	<p>B2.8.Orientación no espazo: técnicas, instrumentos e estratexias. - Elaboración dun itinerario coa axuda de ferramentas dixitais.</p>			

	<p>B2.14.A diversidade xeográfica das paisaxes de España: relevo e hidrografía.</p> <p>B2.15.O relevo e a rede hidrográfica de Galicia. Utilización de sistemas de información xeográfica</p>	<p>B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.</p>	<p>CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.</p> <p>CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.</p>	<p>CMCCT</p>
	<p>B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural.</p>	<p>B4.5.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.</p>	<p>CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p>
	<p>B4.12.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Elaboración dunha guía dun museo próximo</p>	<p>B4.6.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.</p>	<p>CSB4.6.1.Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar</p>	<p>CSC</p> <p>CCEC</p>
Lingua Castelá e	<p>B.1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo:</p>	<p>B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas,</p>	<p>LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao</p>	<p>CCL</p>



<p>Literatura</p>	<p>participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.</p> <p>B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.</p>	<p>respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais.</p> <p>B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo á súa idade.</p>	<p>grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas.</p> <p>LCB1.1.3. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.</p> <p>LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, para obter información e verificar a comprensión.</p>	<p>CAA CSC</p> <p>CCL CAA CSC CSIEE</p>
<p>Matemáticas</p>	<p>B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.</p>	<p>B3.2. Operar con diferentes medidas.</p>	<p>MTB3.2.1. Suma e resta medidas</p>	<p>CMCT</p>

	(lonxitude) B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos. B4.4..A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.	B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán MTB4.1.3. Realiza ampliacións e reducións.	CMCT
Educación Física				
Valores Sociais e Cívicos	B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.	B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	☑ VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.	
Educación Plástica	B2.4. Comparación entre as formas que a representación do espazo adopta en diferentes áreas ou ámbitos, como mapas de estradas, guías, pintura de paisaxes e planos.	B2.2. Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo.	CCEC CMCCT CSC
Lingua Galega e Literatura	B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar,	B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse,	CCL CAA



	<p>agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p>		<p>felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p>	
	<p>B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.</p>	<p>B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p>	<p>LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega</p>	<p>CCL CAA CCEC CSIEE</p>
	<p>B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>	<p>B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.</p>	<p>LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...</p> <p>LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>	<p>CCL CCEC</p>

ACTIVIDADE DE APRENDIZAXE INTEGRADA: O MUNDO NAS MANS				6º EP
Área	Contidos	Criterios de Avaliación	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Ciencias Naturais				
Ciencias Sociais	<p>B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das fases do mesmo e a súa aplicación nas Ciencias sociais.</p> <p>B1.2. Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).</p> <p>B2.1. Cartografía. Planos, mapas e planisferios.</p> <p>B2.2. Tipos de mapas: físicos, políticos e temáticos.</p> <p>B2.3. Escalas e signos convencionais dun mapa.</p> <p>B2.4. Técnicas de orientación no espazo. Elaboración dun itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas</p>	<p>B1.1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)</p> <p>B2.1. Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.</p>	<p>CSB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.</p> <p>CSB2.1.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.</p>	<p>CAA</p> <p>CMCCT</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CMCCT</p> <p>CAA</p>



	<p>dixitais</p> <p>B2.8.A diversidade xeográfica das paisaxes de Europa: relevo, climas e hidrografía.</p> <p>B2.9. Utilización e consulta en sistemas de información xeográfica.</p> <p>B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural.</p> <p>B4.13.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo</p>	<p>B2.4.Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.</p> <p>B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.</p> <p>B4.5.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.</p>	<p>CSB2.4.1.Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.</p> <p>CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.</p> <p>CSB4.5.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.</p> <p>CSB4.5.2.Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer,</p>	<p>CMCCT</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CAA</p>
--	---	---	--	---



			preservar e coidar.	
Lingua Castelá e Literatura	B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; papel de persoa moderadora; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e das demais.	LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica). LCB1.1.3. Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.	CCL CAA CSC
	B1.11. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.	B1.10. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar activamente, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo coa súa idade	LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.	CCL CAA CSC CSIEE
Matemáticas	B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma	B3.2. Operar con diferentes	MTB3.2.1. Suma e resta	CMCT



	<p>magnitude.</p> <p>☑ B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada.</p> <p>☑ B3.6. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición</p> <p>B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos.</p> <p>☑ B4.4. A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.</p>	<p>Medidas</p> <p>B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.</p>	<p>medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.</p> <p>MTB4.1.4. Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.</p>	<p>CMCT</p>
Educación Física				
Valores Sociais e Cívicos	<p>B2.1. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de</p>	<p>☑ B2.1. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de</p>	<p>VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando</p>	<p>CAA</p> <p>☑ CSIEE</p>



	comunicación: escoitar, preguntar e argumentar.	perspectiva con empatía.	activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse	☑ CSC ☑ CCL
Educación Plástica	B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos. B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación.	B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade. EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.	CSC CCEC
Lingua Galega e Literatura	B1.6. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual) B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de	B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais. B1.6. Participar nas diversas situacións de	LGB1.5.1. Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais. LGB1.6.1. Respecta as quendas	CCL CSC



	<p>relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</p>	<p>intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>de palabra nos intercambios orais.</p> <p>LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptadas ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión, procurando a empatía coa persoa interlocutora.</p> <p>LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.</p> <p>LGB1.6.5. Participa activamente na conversa formulando e contestando preguntas.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>
	<p>B1.15. Identificación da lingua galega con calquera contexto de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas..</p>	<p>B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral</p>	<p>LGB1.14.1. Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral: sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...</p> <p>LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con</p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p>



			persoas coñecidas ou descoñecidas.	
--	--	--	------------------------------------	--

Metodoloxía

O currículo de primaria antes mencionado, legisla que a metodoloxía didáctica será fundamentalmente **comunicativa, inclusiva, activa e participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Ademais, nos din que as **actividades de aprendizaxe integradas** poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinario.

O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de disciplinas diferentes, permitiralle ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe.

Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas. É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso empregamos diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro... Todo isto baixo un ambiente lúdico para potenciar os aprendizaxes.

Esta proposta de actividades, xunto a visita ó museo, está pensada para desenvolver o potencial educativo das saídas e das visitas, planificadas detidamente, para sacar delas o maior partido educativo posible. É importante que a persoa docente teña moi claros cales son os contidos que pretende traballar coa visita, e non saír por saír, ou pretender observar e explorar todos os elementos do contorno. En calquera caso, sempre existirá unha finalidade -traducida en obxectivos-, un deseño e unhas actividades que estean inseridas na programación xeral e que permitan aproveitar ao máximo este recurso. O aproveitamento da actividade non finaliza coa volta ao centro, por iso o museo ofrece unha serie de actividades, relacionadas coa visita, para traballar tantos antes da visita, para propiciar un aprendizaxe significativo, como actividades para despois, e así afianzar todo o aprendido.

Actividades

Na programación de calquera saída ou actividade complementaria, hai tres fases do deseño e desenvolvemento das actividades.

• **Antes da visita**

• **A visita**

• **Despois da visita**


O **MUPEGA** ofrece actividades para cada bloqu, para a súa realización na aula do alumnado, e así potenciar un aprendizaxe significativo, e fomentando así o aproveitamento da actividade. (para descargarlas ir ó Caderno de Actividades)

1. **Antes da visita** :Antes de realizar a actividade no MUPEGA é conveniente que os alumnos/as saiban o que van a ver, para fomentar ó máximo a súa participación nas actividades no museo. Por iso as actividades que propoñemos son de coñecemento de primeiro contacto con elementos e materiais cartográficos.

Estas actividades están destinadas a adquirir aprendizaxes previos a visita no museo: Léxico cartográfico, contidos cartográficos adaptados a súas idades: mapas, tipos de mapas, planos...

2. **A visita**: Percorrerán a estancia das Exposición temporal, pero antes explicaremos o que van a ver, certos contidos da cartografía, adaptados as súas necesidades e intereses . Por exemplo: como se pode plasmar en plano, sobre un papel o que ten a esfera terrestre... non é tan doado!
3. **Despois da visita**: Facilitamos actividades para afianzar os contidos aprendidos, e propoñemos unhas actividades sobre escalas, xa que na visita, explícase a diferecia entre dous mapas de Galicia a escalas diferentes, e unha actividade de investigación, para darlle interese e curiosidade a xeografía e a cartografía desde idades moi temperás.

A continuación presentase o Caderno de actividades.



O mundo nas mans

Caderno de Actividades



Desde o mes de febreiro do 2016, temos unha nova Exposición Temporal no **MUPEGA: O Mundo nas mans: Material cartográfico escolar dos séculos XIX e XX**. Trátase dunha mostra, na que se poderán ver unha recopilación de materiais relacionados coa **cartografía didáctica**.

No **1916**, o profesor da Escola Normal de Pontevedra, e futuro director da de Santiago, **José María Crespo Rodríguez**, editaba o libro ***Nocións de Geografía de Galicia***, considerado o primeiro manual de Xeografía adicado a Galicia.

Co motivo do centenario, e dentro da programación do Museo Pedagógico de Galicia, presentase esta exposición temporal, na que se mostra, ademais do nomeado libro, unha escolma de pezas relacionadas coa cartografía e as disciplinas que a empregaban como medio didáctico.


Desde o departamento didáctico do museo, ofrecemos unhas actividades e obradoiros para os escolares pensados por idades e características de cada curso. A Cartografía precisa de estruturación espacial, conceptos matemáticos, conceptos de ciencias sociais, ... por iso desde o **MUPEGA** presentamos **unha actividade integrada** para traballar na aula antes da visita, unha visita con obradoiros adaptados as súas capacidades e necesidades, e unhas actividades para recordar o aprendido.




ACTIVIDADES PARA ANTES DA VISITA

Que é un mapa?


Desde tempos remotos, o ser humano intentou representar o espazo de xeito preciso para describir o territorio, os lugares e así percorrelo, exploralo e aproveitar os seus recursos. Ese debuxo sobre o papel, da Terra ou parte dela, nunha superficie plana é o que se denomina mapa.



Da esfera
terrestre en
(3D)




A representar a Terra sobre
un papel (en plano)




Intentade unha cousa... collede unha mandarina, unha pelota de tenis... algo esférico, e intentade poñelo plano

Pero... como pasamos dunha esfera ó papel?




Cilíndrica

Desenvolvendo o cilindro



Cónica

Cortando a esfera coma se fose un cono




Acimutal o plana

Sacando unha foto desde arriba




museo
pedagógico
de galicia



Teño unha idea:



Tedes que colorear, recortar,
e intentar facer una esfera



Cómo poden ser os mapas?

Imos ver varios mapas de Europa e así entenderedes as diferencias



Se representan un anaco de Terra como é, coas súas montañas, ríos... Chámanse **MAPAS FÍSICOS**



Se representan un anaco de Terra dividido por países, ou comunidades,... Chámanse **MAPAS POLÍTICOS**



Se representan a Terra enteira chámase **MAPAMUNDI** ou **PLANISFERIO**



PLANISFERIO FÍSICO



PLANISFERIO POLÍTICO



museo
pedagógico
de galicia

Actividade 1: Relaciona os mapas

Proposta didáctica. *O mundo nas mans*. 5º e 6º EP



MAPAS FÍSICOS




MAPAS POLÍTICOS







Actividade 2: Agora temos dous mapas de Galicia, imaxina e debuxa o mapa físico e o mapa Político



Mapa físico




Mapa político



Para poder atopar algún lugar no mapa, utilízase un sistema de cuadrícula. Debuxamos unhas liñas imaxinarias que se trazan no mapa ou plano: meridianos e paralelos

Os **PARALELOS** son liñas que rodean a Terra, e dicir liñas que van de esquerda a dereita.. O paralelo que parte a Terra en dous metades iguais chámase **ECUADOR**



Os **MERIDIANOS**, son liñas que van do Polo Norte ó Polo Sur. Son liñas que van de arriba a abaixo. O meridiano 0, tamén coñecido como **MERIDIANO GREENWICH**, pasa por España (Barcelona)

Con estas liñas imaxinarias, os mapas quedan dentro dunha cuadrícula, onde podemos atopar todos os lugares

Actividade 3: Atopa Os lugares segundo as coordenadas seguintes:

Para colocar as coordenadas primeiroponse os paralelos (latitud) e logo os meridianos(longitud).


Por exemplo, o punto ★ sítuase no **20 N, 30 E**



Barcelona



San Petersburgo







museo pedagógico de galicia

Actividade 5: A vosa aula ten unha misión moi importante, e debemos atopar os seguintes puntos. Colorea no mapa os puntos según a súa localización. Mira o exemplo

Proposta didáctica. *O mundo nas mans.* 5º e 6º EP




- 60N, 100 O
- 40S, 160 E
- 40N, 80 O



Exemplo:

Quero atopar: 60 N, 80 E

Quere dicir que o punto é na recta dos paralelos 60 Norte, coa dos meridianos 80 Este



meridianos




No mapa, está todo moi preto... porque tardo tanto en chegar a os sitios?

É porque os mapas están feitos a escala. Digamos que está reducido todos os elementos dun mapa na mesma proporción. Por exemplo: Se eu quero debuxar a miña carpeta, vou reducila a metade para que me colla na folla. Teño que reducir a metade tanto o largo coma o ancho




O que fixen foi aplicar unha escala **1:2**, e dicir, si teño 2 cm redúzoos a 1 cm






A escala 1:2 representase así no mapa



Nos mapas e planos as distancias das escalas son mais grandes:

1: 100 quere dicir que cada céntimetro do plano é 100 cm, o que é o mesmo que 1 m



1: 100.000 quere dicir que cada céntimetro do plano é 100.000 cm, o que é o mesmo que 1 Km



Actividade 6: Atende as seguintes escalas e dí o que representa

1:500.000 Cada 1 cm do mapa representa _____ cm, o que é o mesmo que _____ km

1:50.000 Cada 1 cm do mapa representa _____ cm, o que é o mesmo que _____ m


Actividade 4: Agora xa sabemos moitas cousas dos mapas... Xogamos á
PIRATAS? Primeiro temos que observar este debuxo:





museo
pedagógico
de galicia

Este é o mesmo que o debuxo anterior, é un plano da cidade de Santiago.
Tedes que facer o camiño ó tesouro ata a Catedral, desde a Porta do Camiño,
pasando por:



- Casas Reais
- Praza de O Cervantes
- Rúa Jerusalen
- Praza San Miguel
- Rúa da Troya
- Praza da Inmaculada
- Praza do Obradoiro

* O mapa data de 1965 por iso non se corresponde os nomes das rúas coas actuais



Volve a mirar o mapa e contesta:



Cal é a rúa paralela á Rúa “Nueva”?

Busca unha rúa transversal á Praza de San Miguel

Pódese afirmar que a Rúa da “Troia” é paralela a Rúa de “Jerúsalén”

* O mapa data de 1965 por iso non se corresponde os nomes das rúas coas actuais

Xa sabedes un
montón de cousas...
agora tedes que vir
ó MUPEGA a ver a
exposición

*“O mundo nas
mans”...*

Esperámosvos!!!!



ACTIVIDADES PARA DESPOIS DA VISITA



Actividade: Fíxadevos no mapa de España e contestade as seguintes preguntas.



Cál e a escala do mapa? _____

Esa escala quere dicir que cada _____ cm do mapa
equivale a _____ km.

Colle unha regra, e mide cantos cm hai de A coruña a
Madrid? _____


Entón, cantos km terás que percorrer se vas de
Coruña a Madrid? _____

Se estás en Madrid e vas a de viaxe a Lisboa, cantos
km percorreras? _____

Durante a visita puidestes ver dúas obras de Galicia, un mapa e unha maqueta.
Acordadevos quen eran os seus creadores? Une cada obra co seu autor



Franciso Río Barja



Domingo Fontán

Os acordais a que escala está cada uno? 1:100000 _____
1:50000 _____


Investigamos un pouco?



Escolle un dos cartografos anteriores e busca información sobre él na rede. Fai un traballo onde escribas sobre:



Franciso Río Barja



Domingo Fontán

A súa vida: Onde e cando naceu, onde estudou, ...

A súa obra: obras mas importantes

Esperamos que foran do voso agrado as actividades así coma a visita e os obradoiros.

Para o deseño e a elaboración deste material consultouse a seguinte bibliografía:

- Callejo M^a Luz e Llopis Carmen (1999) PLANOS E MAPAS: Actividades interdisciplinares para representar el espacio. Narcea
- Cole J.P e Beynon (1978), INICIACIÓN A LA GEOGRAFÍA. Fontanella
- Aranaz del Río, F. (2010), TU AMIGO EL MAPA. Ministerio de Fomento
- Serveto Aguiló y Guerra Rosado (2010), Mi ciudad en los mapas. Propuesta didáctica para el conocimiento de los ámbitos urbanos, Consejería de Vivienda y Ordenación del Territorio, Consejería de Educación. JUNTA DE ANDALUCÍA

Bibliografía lexislativa:

- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre , para la mejora de la calidad educativa (LOMCE)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia



Museo Pedagógico de Galicia
museo.pedagogico.galicia@edu.xunta.es

Santiago de Compostela
5 de Febreiro 2016